



MEDIOS ALTERNATIVOS DE SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS: CREACIÓN DO SERVIZO MASC-ICAS

A Xunta de Goberno do ICA Santiago, na sesión do 08.04.2025, aprobou as normas reguladoras dos rexistros de mediadores e conciliadores, así como o regulamento e o protocolo polos que se rexerá o servizo MASC-ICAS que entrará en funcionamento o vindeiro 28 de abril.

Rexistros de profesionais mediadores e conciliadores

Con base nas ditas normas reguladoras, acordouse crear dous rexistros de profesionais, un de mediadores e outro de conciliadores, para atender o servizo MASC-ICAS.

1) Rexistro de mediadores

Para solicitar a incorporación a este rexistro, esixiranse os seguintes requisitos:

- a) Ser **colexiado/a exercente** residente do ICA Santiago
- b) Posuír **formación específica** na materia. De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 980/2013, esíxese un curso inicial de formación específica de 100 horas (das cales 35 terán que ser prácticas) e mais un curso de formación continua de 20 horas (nos últimos cinco anos).
- c) Ter subscrito un **seguro de responsabilidade civil**, no que quede incluída expresamente a responsabilidade civil derivada da actuación profesional como MASC (a póliza colectiva que ten contratada o colexio cumpre este requisito).
- d) Estar **ao día no pagamento das cotas colexiais**.

2) Rexistro de conciliadores

Para solicitar a incorporación a este rexistro, esixiranse os mesmos requisitos co punto anterior sobre mediadores, **excepto o relativo á formación** (non se esixe formación específica para actuar como conciliador).

Solicitudes de alta

Abrimos un prazo **ata o vindeiro 25 de abril, ás 14.00 h**, para que os colexiados e colexiadas que cumpran os requisitos indicados poidan solicitar a alta nestes rexistros.

Achegamos dous formularios de solicitude, que deberán ser cubertos e asinados dixitalmente. Deberán remitirse ao enderezo electrónico registro@icasantiago.org xunto coa xustificación correspondente á formación e ao seguro de responsabilidade civil (se é distinto á póliza do ICAS).

As listas dos rexistros confeccionaranse por orde alfabética, non obstante, a primeira designación realizarase por sorteo e seguirase a orde a partir da letra resultante.

As listas serán abertas e poderá solicitarse a incorporación durante todo o ano.